

Empadramento, toda a documentación que consta no expediente, con fin de que se emita informe favorable para realizar a baixa de oficio, de Don PAULO ALMEIDA CALVO.

Barreiros, 11 de XUÑO de 2018.- O Alcalde, José Alfonso Fuente Parga.

R. 1771

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

De conformidade cos artigos 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, e artigo 20 do Real Decreto 500/1990, o Concello Pleno en sesión ordinaria de data 27 de abril de 2018 aprobou inicialmente a modificación da base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás subvencións nominaivas, que resultou definitiva ao non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público a base 12ª das bases de execución do orzamento de 2018, no referente ás subvencións nominativas, que queda redactada nos seguintes termos:

"Base 12ª.- Concesión e pagamento de subvencións.-"

1. Establécense a seguintes subvencións nominativas de conformidade co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Actividade subvencionable	Importe
323.48	CPI Poeta Uxío Novoneyra Q2768018J	Actividades complementarias e extraescolares 2018	500,00 €
323.48	Asociación de Pais e Nais de Alumnos G27161249	Actividades 2018	2.716,00 €
432.48	Universidade de Santiago de Compostela Q1518001A	Curso de verán "Aproveitamento sostible de cogomelos (setas) comestibles" na Estación Científica do Courel	500,00 €
432.48	Universidade de Santiago de Compostela Q1518001A	Seminario o Patrimonio Cultural do Courel na Estación Científica do Courel	500,00 €
432.47	Matriuska Producciones S.L. B36486140	Producción da película ¿Qué hicimos mal? rodada en parte no Concello de Folgoso do Courel	300,00 €

(...)"

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgoso do Courel, 21 de xuño de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1772

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARACTER TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCIOCULTURAL E DE TURISMO

Por decreto de alcaldía de data 14 de xuño de 2018 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun/dunha monitor/a sociocultural e de turismo.

Duración do contrato: Desde a súa formalización ata o 31/12/2018.

Horario: A fixar polos órganos de goberno tendo en conta o horario de apertura da Oficina de Turismo.

Sistema selectivo: Concurso de méritos e proba práctica